



# CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1096/2026	A Xunta de Goberno Local	20/04/2026

En calidade de secretario deste órgano, CERTIFICO:

Que na sesión realizada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

## EXPEDIENTE 1096/2026. APROBACIÓN DAS BASES DO XIV CONCURSO DE PINTURA ERNESTO GODAY

Favorable      Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

## RESOLUCIÓN

**Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura, asinada o día 13-04-2026, co seguinte teor literal:**

“**Asunto:** Aprobación das Bases do XIV Concurso de Pintura Ernesto Goday

**Expediente:** 1096/2026

Baseándome no interese que representa a nivel social e cultural co fin de preservar o patrimonio cultural e fomentar o interese polas actividades culturais e tradicionais do municipio.

Vista a proposta de Bases do XIV Concurso de Pintura Ernesto Goday asinadas pola Concelleira de Cultura en data 10.04.2026 e que se xuntan no anexo

Visto o informe favorable da Intervención municipal de data 10.04.2026 respecto das mesmas.

Considerando a **lexislación básica aplicable:**

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.





O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

### **PROPOÑO á Xunta de Goberno Local**

**Primeiro:** Aprobar as Bases do XIV Concurso de Pintura Ernesto Goday.

**Segundo.-** Publicar o anuncio da convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e un extracto da mesma no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**Terceiro.-** Publicar o texto completo das Bases Reguladoras no taboleiro de anuncios, na sede electrónica do Concello e polos medios habituais.”

---

## **ANEXO**

### **BASES XIV CONCURSO DE PINTURA ERNESTO GODAY**

O Concello do Grove (Pontevedra), a través da Concellería de Cultura, convoca este concurso en memoria do insigne pintor local, don Ernesto Goday Caamaño, que se rexerá polas seguintes bases:

**Primeira.** Poderá participar calquera persoa física maior de idade, excepto as persoas gañadoras das tres últimas edicións (XI a XIII), que presente unha obra súa, orixinal e inédita. Cada autora ou autor só poderá presentar unha obra.

**Segunda.** As obras participantes deberán ter unhas dimensións mínimas de 60 x 50 cm e máximas de 150 x 150 cm.

**Terceira.** A técnica e o estilo son libres e o tema abarcará todo o relacionado coa paisaxe natural e urbana do Grove e as súas xentes.

**Cuarta.** O prazo de inscrición estará aberto dende o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no BOPPO da provincia de Pontevedra ata o 30 de setembro de 2026, incluído.

**Quinta.** O proceso de selección constará de dúas fases: unha de preselección e outra de selección propiamente dita.

Para a preselección, as ou os artistas participantes neste concurso deberán entregar unha fotografía da obra en formato dixital (CD, DVD, correo electrónico...). As imaxes deberán ter unha calidade suficiente que permita a súa correcta visualización por parte dos membros do xurado. O envío por correo electrónico non deberá superar os 3 Mb de peso.

A fotografía deberá ir acompañada do Anexo I (folla de inscrición).

As fotos en soporte dixital poderanse enviar ao enderezo de correo electrónico [casadacultura@concellodogrove.es](mailto:casadacultura@concellodogrove.es) ou ao enderezo postal:

*Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey*





*Monte da Vila, 11*

*36980 O Grove*

*Pontevedra*

Para a fase de selección, despois de que a organización contacte coa autora ou autor seleccionado, deberán enviarse as obras en soporte físico ao anterior enderezo postal. No exterior do paquete deberá figurar o lema: “XIV Concurso de Pintura Ernesto Goday”.

**Sexta.** No mes de outubro de 2026 reunirse un xurado independente, composto por profesionais do mundo da arte, para a preselección das obras segundo as imaxes recibidas.

As obras preseleccionadas pasarán a formar parte dunha exposición e do *Catálogo 2026*, que se editará co gallo do concurso.

A organización porase en contacto coas persoas preseleccionadas para organizar o envío dos cadros, que deberán estar enmarcados ou cun simple listón.

**Sétima.** A finais do ano 2026 decidirse a obra gañadora e comunicarse o nome da persoa premiada. Tamén se lle entregará o premio, coincidindo coa inauguración da exposición. A organización publicará e comunicarlles con suficiente antelación as datas ás persoas interesadas.

**Oitava.** O premio para a gañadora ou gañador do concurso é de 3.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 334.48100 do orzamento de gastos do exercicio 2026. A contía está suxeita á correspondente retención fiscal.

O beneficiario/a deberá acreditar que se atopa ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non é debedor por resolución de procedencia de reintegro ou ben a autorización do interesado ao concello para obter as certificacións da AEAT e da Tesourería Xeral da Seguridade Social nas que se acrediten que se atope ao corrente da obrigas sinaladas.

As autoras ou autores que teñan a súa obra seleccionada para o *Catálogo 2026* serán obsequiados cun exemplar deste.

O xurado, se así o considera, poderá outorgar algún accésit.

**Novena.** A obra gañadora pasará a ser propiedade do Concello do Grove, así como os seus dereitos de reprodución e explotación. As autoras ou autores das obras que fosen preseleccionadas para a edición do *Catálogo 2026* ceden os dereitos de uso e reprodución fotográfica e comprométese a prestar, se así se lles solicita, a súa obra para a exposición citada na base sexta.

**Décima.** A organización porá o máximo celo no coidado e tratamento das obras, pero non se responsabiliza da deterioración, roubo ou perda que poidan sufrir por causas alleas a ela ou de forza maior. Os seguros que se quixesen facer efectuaranse por conta de cada participante.

**Undécima.** A organización resérvase o dereito de modificar estas bases en beneficio do bo funcionamento deste concurso.





**Duodécima.** A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases e a decisión do xurado, que será inapelable.

---

**Logo de someter a citada proposta á consideración da Xunta de Goberno Local, esta, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobala nos mesmos termos en que figura redactada e adoptar os acordos que nela se expresan.**

---

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese esta certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, coa excepción previsto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568 /1986, do 28 de novembro.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

